




Xunto co presente, remítense acordos adoptados polo Pleno da Corporación do Concello de Santiago de Compostela, na sesión plenaria ordinaria que tivo lugar o día 27 de abril de 2017, relativos ás mocións presentadas polos grupos municipais.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017.

O VICESECRETARIO,



SR. PRESIDENTE DA FEGAMP
Rúa Varsovia, 4C
15707-Santiago de Compostela



CONCELLO DE SANTIAGO

Na sesión plenaria ordinaria celebrada o día 27 de abril de 2017, en relación ás mocións presentadas polos grupos políticos municipais e rematado o debate das mesmas, adoptáronse os seguintes acordos:

- Na moción do grupo municipal de Compostela Aberta, en defensa da autonomía municipal e da posibilidade de remunicipalizar a xestión de servizos públicos, o Pleno da Corporación por 11 votos a favor, correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (9 CA e 2 BNG), e 12 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), acorda:

1.- Rexeitar o intento de interferir na autonomía da administración municipal a través da Disposición Adicional Vixésimo Sétima do Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para 2017, que pretende interferir nos procesos de remunicipalización e xestión pública de servizos externalizados a través de concesións administrativas.

2.- Solicitar aos grupos políticos con representación nas Cortes Xerais para que, no prazo de tramitación do Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para 2017, deixen sen efecto o contido da disposición adicional vixésimo sétima.

3.- Instar á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) a manifestarse en contra da disposición adicional vixésimo sétima do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais para 2017.

O que se lle comunica para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017.

O VICESECRETARIO,

